



Arcebispo de Santiago

Carta Pastoral na Coresma 2015

“Crea, Deus, en min un corazón puro, renóvame por dentro cun espírito firme” (Ps 50,12)

Queridos diocesanos:

De xeito especial neste tempo coresmal invítasenos a pedir ao Señor que nos renove por dentro co seu espírito. Estamos chamados a sentir o amor de Deus que nos sostén. Esta conciencia levaranos á conversión. Pero cantas veces se nos fala da conversión e nos preguntamos en que consiste: sinxelamente hei de dicirvos que a conversión é seguir os camiños de Deus o noso Pai revelados en Cristo, deixarnos conducir onde El quere, e poñer a nosa vontade nas súas mans. É doado de dicir e de entender esta proposta, máis difícil é vivila xa nos chame o Señor ao deserto, ao Tabor ou a Xetsemaní.

A historia da vida vai deixando en nós as pegadas da propia fragilidade pero non debemos esquecer que camiña connosco a acción creativa do Espírito de Xesús que sempre é imprevisible, e que fai que hoxe tamén para nós sexa tempo de graza, tempo de salvación. En Deus sempre hai amanecer e non nos faltará nunca a graza para saír de nós mesmos e mirar o Deus Pai, Fillo e Espírito Santo, en definitiva, ao Deus amor, confesando os nosos pecados, dando grazas a Deus e comprometéndonos a favor do outro. A vida é bela pero non hai que confundir beleza con maquillaxe.

Con palabras do Papa invito a cada diocesano “en calquera lugar e situación en que se encontre, a renovar agora mesmo o seu encontro persoal con Xesús Cristo ou, polo menos, a tomar a decisión de deixarse encontrar por El, de intentalo cada día sen descanso... Deus non se cansa nunca de perdoar, somos nós os que nos cansamos de acudir á súa misericordia”¹. Neste sentido a Igrexa chámamos a intensificar a oración, o xaxún e a caridade. “*Que espléndido é o xaxún que se adorna co amor. Parte xeneroso o teu pan con quen ten fame. Se non, o teu non é xaxún senón aforro*”. Este canto das Vésperas do martes de Coresma, na liturxia maronita, vincula estreitamente o xaxún coa caridade. Nun tempo no que o xaxún para moitos é de feito unha forma de dieta, a Igrexa ensínanos a través da liturxia que o xaxún cristián é moito máis que a abstención de alimentos. O apóstolo Paulo non ten dúbidas sobre o feito de que a caridade sexa a coroa das virtudes cristiás, e un xaxún non embelecido polo esplendor da caridade é van. E o apóstolo Xoán aclara que a pedra de toque da verdadeira caridade é a practicidade e a concreción, por iso exhorta: “*Meus filliños, non amemos de palabra e de lingua, senón con feitos e na verdade*” (1Xn 3,18).

¹ FRANCISCO, Exhortación Apostólica *Evangelii gaudium*, 1.



Arcebispo de Santiago

“Cada un de nós interésalle a Deus”, porque “o seu amor lle impide ser indiferente ao que nos sucede”, dinos o Papa na súa Mensaxe, invitándonos a fortalecer o corazón, a non ser indiferentes ante o sufrimento alleo e a ver nos nosos demais aquel por quen Cristo morreu e resucitou. Non debemos caer na indiferenza que nos impide recoñecer e aceptar a diferenza do outro. Por iso pídenos que reflexionemos dende a fe sobre estas consideracións: **“Cando padece un membro, todos padecen con el”**, pois formamos un só corpo cuxa cabeza é Cristo e non podemos considerarnos alleos ao sufrimento físico ou espiritual dos demais. **“Onde está teu irmán? (Xn 4,9)”**: a resposta a esta pregunta fainos comprobar se nos estamos a facer cargo dos demais, sobre todo, dos máis débiles, pobres e pequenos, vendo neles o irmán e a irmá por quen Cristo morreu e resucitou, e tratando de que “os lugares nos que se manifesta a Igrexa, en particular as nosas parroquias e as nosas comunidades, cheguen a ser illas de misericordia no medio do mar da indiferenza”. **“Collede folgos”**, é a frase que propón no terceiro punto da súa Mensaxe coresmal para recordarnos que estamos saturados de noticias e imaxes tremendas que nos narran o sufrimento humano e, ao mesmo tempo, sentimos toda a nosa incapacidade para intervir... Ter un corazón misericordioso non significa ter un corazón débil. Quen desexa ser misericordioso necesita un corazón forte, firme, pechado ao tentador, pero aberto a Deus. Un corazón que se deixe impregnar polo Espírito e guiar polos camiños do amor que nos levan aos irmáns e irmás. En definitiva, un corazón pobre, que coñece as súas propias pobreza e o dá todo polo outro”.

Temos de mostrar sempre interese polo outro con detalles aínda que sexan pequenos, pero de xeito especial neste tempo de preparación para a Pascua. Vivir os uns para os outros na familia, na parroquia e na sociedade convértese segundo o papa Francisco “nun signo vivente da presenza da misericordia de Deus en Cristo”, que nos motiva a percorrer o camiño da conversión, e do retorno ao esencial, ao compartir e á sinxeleza de estilo de vida, intensificando a oración na comunión da Igrexa terreal e celestial e axudando con xestos de caridade.

No camiño cara á Pascua, saúdavos con todo afecto e bendice no Señor,

+ Julián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela